



Parque Arqueolóxico  
da Cultura Castrexa  
Lansbrica

# PROGRAMA DIDÁCTICO

Unha viaxe  
ás orixes:  
**BENVIDOS  
Á CIDÁ**

Visita  
o noso  
**BLOG**

**A CIDÁ**  
dos nen@s

**NOVOS**  
obradoiros



**XUNTA  
DE GALICIA**



# EXPLORAR, DESCUBRIR, CREAR, APRENDER

---

O Proxecto Educativo do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa fundaméntase en experiencias de aprendizaxe interactivas, dinámicas e significativas.



# ÍNDICE

---

**1** O Parque

---

**2** Programa didáctico

---

**3** Obradoiros

---

**4** Facemos as maletas!

---

**5** Blog escolar

---

**6** Información xeral

---

**7** Recomendacións

---

**8** LANSBRICA

# 1. O PARQUE

O Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa — PACC— articula unha proposta didáctica que, tendo a exposición como punto de partida e o castro de San Cibrao de Las como elemento central, proporciona aos escolares os recursos, as ferramentas e as estratexias que lles permiten construír coñecemento e, en consecuencia, ser os actores do seu propio proceso formativo.

## A EXPOSICIÓN

A mostra permanente que alberga o Centro de Interpretación **posúe as claves interpretativas que facilitan unha maior e mellor comprensión da cultura castrexa**, unha cultura que confire ao nosoterritorio personalidade propia dende hai máis de 2500 anos. Os contidos que se tratan na visita guiada á exposición estable céntranse naqueles aspectos que funcionan como complemento da visita á área arqueolóxica:

- a. **Territorio e paisaxe: a pegada castrexa.**
- b. **Os poboadores dos castros: vida cotiá e universo simbólico.**
- c. **O impacto da chegada romana.**
- d. **Lansbrica: investigación e posta en valor.**



## O CASTRO

O castro de San Cibrao de Las é un xacemento arqueolóxico único, que destaca pola súa extensión, pola monumentalidade das súas fortificacións e por posuír unha incipiente organización urbana. Constitúe o recurso interpretativo ideal para que os escolares descubran como foi evolucionando a sociedade ao longo da Idade do Ferro a través do seu modelo de hábitat - o castro- e se aproximen, de xeito rigoroso e didáctico, á vida cotiá dos homes e mulleres do NO peninsular durante este período. Os contidos da visita guiada pola área arqueolóxica artículanse arredor de de tres eixos temáticos:

- a. **O espazo doméstico**
- b. **O espazo urbano**
- c. **O castro e o seu territorio**

## 2. O PROGRAMA DIDÁCTICO

O programa didáctico do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa baséase nunha proposta de actividades atractiva e de calidade, sempre adaptada ás necesidades e particularidades de cada grupo e nivel educativo –incluído o alumnado con NNEE–.

Este programa fundaméntase en dous tipos de experiencias educativas:

● **as visitas guiadas** á exposición estable e á área arqueolóxica.

● **a realización de obradoiros temáticos**, en relación coa cultura castrexa e a arqueoloxía.

- **Dispoñibilidade de visita en galego, castelán e inglés.**
- **Posibilidade de reservar máis dun obradoiro, así como de axustar os tempos e os contidos en función das necesidades e intereses do grupo.**

### OBXECTIVOS DO PROGRAMA

1. Ofrecer aos grupos escolares a posibilidade de **vivir unha xornada didáctica e amena**, en relación coa cultura castrexa, a Idade do Ferro e o castro de San Cibrao de Las.

2. Introducir aos máis novos na cultura propia da súa contorna a través dunha **inmersión na vida de hai 2.500 anos en Galicia**, primando o contacto de primeira man co recurso.

3. **Considerar ao alumnado como un axente activo** que pode construír ou modificar a súa estrutura de coñecemento a partir de experiencias de aprendizaxe deseñadas.

4. Fomentar entre a poboación escolar actitudes de **respeito, valoración e custodia cara ao patrimonio arqueolóxico.**

### OPCIÓN DE VISITA

1

#### PROGRAMA BÁSICO

Inclúe o acceso ao Parque, a visita guiada pola exposición (30 min.) e a visita guiada polo xacemento (60 min.). **Duración aproximada:** 2 horas, incluíndo un pequeno descanso.

2

#### PROGRAMA COMPLETO

Inclúe o acceso ao Parque, a visita guiada pola exposición (30 min.), a visita guiada polo xacemento (60 min.) e a realización dun obradoiro (60 min.) —a escoller entre a oferta permanente que se describe a continuación—. **Duración aproximada:** 3 horas, incluíndo un pequeno descanso.

**NOVO  
ITINERARIO POLA  
ÁREA  
ARQUEOLÓXICA**



### 3. OS OBRADOIROS DO PACC



## 1. PAN DE LANDRA



Un pouco de auga, algúns grans de sal, fariña de landra, o forno quente e...Voilà, todo preparado! Só nos faltas ti, un bo cociñeiro ou cociñeira que amase e prepare o saboroso pan polo que devecían os castrexos, anímaste a probar?

### Destinatari@s:

Ed. Infantil, 1º e 2º ciclo de Ed. Primaria.  
NNEE

### Duración: 1h.

Este obradoiro ten a finalidade de dar a coñecer unha das bases fundamentais da alimentación castrexa: a agricultura. Dunha maneira didáctica e amena, @s pequen@s descubren o proceso de transformación dos cereais: sementan, moen e elaboran un alimento básico da dieta castrexa, as tortas de pan.

## 2. ARQUEOLANSBRICA



Hai case 100 anos que Florentino L. Cuevillas comezou a escavar o castro de San Cibrao de Las; dende entón, moitos foron os arqueólogos que se aventuraron a descubrir os segredos que agocha esta cidade. Convértete nun auténtico rastreador da Idade do Ferro e desenterra o pasado de Lansbrica!

### Destinatari@s:

Ed. Infantil e 1º ciclo de Ed. Primaria.

### Duración: 1h.

Mediante a recreación dunha escavación arqueolóxica @s nen@s convértense en arqueólog@s por un día e experimentan todas as tarefas propias desta apaixonante profesión. Trátase dun obradoiro que potencia o interese e a sensibilidade polo patrimonio arqueolóxico.

## 3. 3, 2, 1... ESCAVACIÓN!!



Nunca traballar coa terra fora tan divertido! Prepara o teu kit de ferramentas e descubre o marabilloso mundo da arqueoloxía.

### Destinatari@s:

2º e 3º ciclo de Ed. Primaria, Ed. Secundaria e Bacharelato

### Duración: 1h.

Trátase dunha iniciativa de aprendizaxe excepcional, baseada nunha primeira toma de contacto coa metodoloxía que seguen os profesionais da arqueoloxía no traballo de campo. Este obradoiro desenvólvese ao aire libre, é unha actividade coa que se pretende alentar o traballo en equipo e transmitir a paixón pola arqueoloxía.

## 4. QUEN VIVE AÍ?



Estás buscando casa? En Quen vive aí? abrímosche as portas dunha típica vivenda castrexa. Dáte unha volta, pasa ata a cociña, acomódate no salón e colle ideas para construír a túa propia.

### Destinatari@s:

Educación Primaria, NNEE.

### Duración: 1h.

A través de breves explicacións teóricas, o manexo de reproducións e o modelado do barro, @s participantes neste obradoiro coñecen como eran as vivendas castrexas: a súa evolución no tempo, as diferentes tipoloxías e a funcionalidade das estancias; así como as técnicas e materiais empregados na súa construción.

## 5. A MEMORIA DA PEDRA



Os mestres artesáns de Lansbrica están buscando novos talentos! Trenzados, trísceles, rosetas, espirais... Experimenta coa xeometría galaica e descubre o misterio que agochan estes símbolos do pasado.

### Destinatari@s:

2º e 3º Ciclo de Ed. Primaria, Ed. Secundaria e Bacharelato.

### Duración: 1h.

Tras unha breve introdución teórica sobre a plástica castrexa e as súas diferentes manifestacións; @s participantes neste taller realizan, entre outros, a súa propia interpretación do tríscele pintado, un dos excepcionais achados da última campaña de escavación no castro de Las.

## 6. WILD LANSBRICA



Se non che gusta a verdura só hai unha maneira de sobrevivir na Prehistoria... Cazando! Prepara as armas, afina a puntería ao máximo e fai diana; só así desfrutarás dun succulento manxar propio de guerreir@s.

### Destinatari@s:

3º ciclo de Ed. Primaria, Ed. Secundaria, Bacharelato e Ed. Postobrigatoria, NNEE.

### Duración: 1h.

Este obradoiro constitúe unha boa ocasión para coñecer a caza como actividade fundamental da Prehistoria e comprender a súa importancia na Idade do Ferro como un fenómeno de xerarquía social. Ademais, @s participantes poderán experimentar de forma práctica o funcionamento dalgunhas armas empregadas para a caza ao longo desta etapa.



## 7. KALLAIKANA



O equipo debe permanecer unido para acadar o mellor resultado no mellor tempo posible, só así resolveredes con éxito o reto que vos propoñemos. Comeza a conta atrás... kallaikiaaaa!!

### Destinatari@s:

3ºciclo de Ed. Primaria, Ed. Secundaria e Bacharelato.

### Duración: 1h.

Neste obradoiro, @s participantes deben resolver unha serie de probas relacionados co castro e os modos de vida da Idade do Ferro no NO peninsular; para elo, coa axuda dun mapa, percorren o xacemento na procura de respostas.

## 8. PAGAS TI OU PAGO EU?



Dende que chegaron os romanos aquí só aceptan moedas...paga ti logo! Co ben que nos ía co troco ... agora cada vez resulta máis complicado chegar a fin de mes!

### Destinatari@s:

Ed. Secundaria e Bacharelato.

### Duración: 1h.

As formas tradicionais de troco, as moedas como fontes de información e a súa circulación no noso territorio sentan as bases deste interesante obradoiro. Nel, @s alumn@s deseñan e reproducen varias moedas, incluíndo a da caetra, unha moeda que contén as claves para comprender a conquista romana do NO peninsular.

## 9. NUN CHISCO ... UN MISTO!



Fixeron falta milleiros de anos de evolución para que a humanidade descubriera un dos segredos mellor gardados da natureza: o lume. Amosarémosche como produci-lo, pero na túa man estará conseguilo!

### Destinatari@s:

Ed. Secundaria, Bacharelato e Ed. Postobrigatoria.

### Duración: 1h.

Coa realización desta actividade preténdese dar a coñecer, de forma atractiva, a evolución no control e produción do lume; dende o seu descubrimento ata a época castrexa. Os participantes neste obradoiro poderán experimentar diferentes técnicas prehistóricas para a obtención do lume.



	Infantil	Primaria			Secundaria		Bacharelato		P. Xeral	NNEE
	2º Ciclo 3-6 anos	1º Ciclo 6-7 anos	2º Ciclo 8-9 anos	3º Ciclo 10-11 anos	1º Ciclo 12-14 anos	2º Ciclo 14-16 anos	1º Ciclo 16-17 anos	2º Ciclo 17-18 anos	Nenos e/ou adultos	Nenos e/ou adultos
<b>1. PAN DE LANDRA</b>	☯	☯	☯						☯	☯
<b>2. ARQUEOLANSBRICA</b>	☯	☯	☯						☯	☯
<b>3. 3, 2, 1... ESCAVACIÓN!</b>			☯	☯	☯	☯	☯	☯	☯	☯
<b>4. QUEN VIVE AÍ?</b>		☯	☯	☯					☯	☯
<b>5. A MEMORIA DA PEDRA</b>				☯	☯	☯	☯	☯	☯	
<b>6. WILD LANSBRICA</b>				☯	☯	☯	☯	☯	☯	☯
<b>7. KALLAIKANA</b>				☯	☯	☯	☯	☯	☯	
<b>8. PAGAS TI OU PAGO EU?</b>					☯	☯	☯	☯	☯	
<b>9. NUN CHISCO, UN MISTO!</b>					☯	☯	☯	☯	☯	

## 4. FACEMOS AS MALETAS!

### CON DESTINO AO VOSO CENTRO ESCOLAR

Nas **nosas maletas viaxeiras** caben unha chea de experiencias que adaptamos aos espazos e á realidade actual dos centros educativos.

Os **3 imprescindibles** que compoñen as nosas maletas son:

- > **A CIDÁ DE LAS A VISTA DE PAXARO**
- > **ENCAIXADOS NO PASADO**
- > **LUMINARIA**



**ENCAIXADOS NO PASADO** e **LUMINARIA** son actividades de **mostra** que permiten ao alumnado observar **procesos e técnicas** e achegarse á época castrexa a través de **recreacións e réplicas**.



Coa **nova experiencia A CIDÁ DE LAS A VISTA DE PAXARO** poñemos á vosa disposición a posibilidade realizar un **percorrido guiado polo castro de San Cibrao de Las** sen saír do centro. Unha boa oportunidade para descubrir dende o aire un xacemento arqueolóxico único no noso territorio.

**SE NON PODEDES VIR VÓS,  
IMOS NÓS!**

A SITUACIÓN PROVOCADA POLO COVID-19 NON PODE SER UN IMPEDIMENTO PARA COÑECER E DESFRUTAR DE LUGARES TAN EXTRAORDINARIOS E EMBLEMÁTICOS COMO O CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS.

Se queredes facer as maletas connosco, solicítade toda a información no **988 267 285** ou en **info@pacc.es** e acompañádenos nesta fantástica viaxe ao pasado!

## 5. BLOG ESCOLAR

### LANSBRICA: A CIDÁ D@S NEN@S

Queres preparar a visita do teu grupo escolar ao Parque Arqueolóxico? Buscas recursos didácticos para traballar na aula sobre a cultura castrexa? Andas a procura de información para realizar un traballo ou ampliar os contidos vistos na clase? Este é o teu lugar.

A Cidá d@s Nen@s é un espazo interactivo e de aprendizaxe onde traballar contidos e preparar a visita, pero tamén onde compartir as experiencias vividas polo grupo no Parque Arqueolóxico.

Estamos desexando que o coñezas  
e participes!



Visita o  
BLOG

**PINCHA  
AQUÍ**

# 6. INFORMACIÓN XERAL

## RECOMÉNDASE

1. Calcular axeitadamente a hora de saída do centro escolar. Os retrasos poden dificultar a realización das actividades programadas e mesmo afectar negativamente a outros grupos.
2. Que un docente ou titor/a acompañe sempre ao grupo.
3. Avisar con antelación de posibles alerxias ou calquera outra información relevante para o óptimo desenvolvemento das actividades.

## COMO TRAMITAR A RESERVA

1. Unha vez escollidos a data e o programa de actividades, contacte co Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa no teléfono 988 267 285 ou no enderezo electrónico [reservas@pacc.es](mailto:reservas@pacc.es) para formalizar a reserva.
2. Unha semana antes da realización da actividade, recibirá unha mensaxe electrónica de CONFIRMACIÓN DE VISITA coa data, a hora de inicio, o programa a realizar e o importe a abonar.
3. O grupo escolar deberá confirmar a súa asistencia, cunha antelación mínima de 48 horas, para que a reserva sexa completamente válida. No caso de non mediar unha confirmación da reserva, non se garante a visita.
4. O día da visita deberá presentar, no mostrador do Centro de Interpretación, a folha de CONFIRMACIÓN DE VISITA que lle foi enviada previamente.

## HORARIOS

- 1 de novembro-28 de febreiro:  
de 10:00h a 15:00h
- 1 de marzo-30 de xuño,  
16 de setembro-31 de outubro:  
de 10:00h a 18:00h
- 1 de xullo- 15 de setembro:  
de 11:00h a 21:00h
- \*Semana Santa e fins de  
semana de maio e xuño:  
de 10:00h a 20:00h
- O Parque Arqueolóxico pecha  
todos os luns, agás festivos.

## SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- Servizo de catering no  
restaurante do Parque  
Arqueolóxico.

# 7. PROTOCOLO COVID-19


A DISPOSICIÓN DOS CENTROS ESCOLARES NO MOMENTO DA RESERVA

**OBXECTIVO: PROTEXER E PREVIR NO MÁXIMO POSIBLE O RISCO DE CONTAXIO POR COVID-19**



\* **USO DO COMEDOR:** Adaptaremos as pautas xerais que recolle o noso protocolo aos diferentes escenarios que resulten da evolución da COVID-19, seguindo sempre as recomendacións concretas que dite a Consellería.

CORRESPONDE AO PERSOAL DO PARQUE ARQUEOLÓXICO DA CULTURA CASTREXA MANTER UNHA CONDUCTA EXEMPLAR E VELAR POLO CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PROTECCIÓN, ASÍ COMO DAS NORMAS DE DESINFECCIÓN E PREVENCIÓN QUE DETERMINE EN CADA MOMENTO A AUTORIDADE SANITARIA.





LANSBRICA

© Territorio dos Poboados Fortificados

PROGRAMAS E TARIFAS	PROGRAMA INFANTIL	PROGRAMA BÁSICO	PROGRAMA COMPLETO
DESCRICIÓN	Visita guiada polo castro, pola exposición e obradoiro a es-coller	Visita guiada polo castro e pola exposición	Visita guiada polo castro, pola exposición e obradoiro a es-coller
DURACIÓN	2,5 horas	1,5 horas	2,5 horas
TARIFAS	5€	4€	6€
FACEMOS AS MALETAS!	*Consultar prezos no momento da reserva		



Parque Arqueolóxico  
da Cultura Castrexa  
Lansbrica

→ [www.pacc.es](http://www.pacc.es)

## Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbrica

San Cibrao de Las s/n CP 32455

San Amaro - Punxín, Ourense

[info@pacc.es](mailto:info@pacc.es)

[reservas@pacc.es](mailto:reservas@pacc.es)

988267285



+34 632 272 770



XUNTA  
DE GALICIA